

ZF VIGO SÚMASE ÁS CAMPAÑAS DE DOAZÓN DE SANGUE

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) visita este xoves 7 de maio as instalacións da empresa ZF Vigo. Unha unidade móbil estará dentro do recinto da empresa das 09:30 ás 14:30 horas para posibilitar que todos os traballadores e traballadoras podan facer a súa doazón. A Axencia quere agradecer a ZF Vigo a colaboración brindada para o desenvolvemento desta iniciativa e quere convidar a todos os seus profesionais a que doen sangue. Neste sentido, a ADOS lembra que, para doar sangue, é preciso ter máis de 18 anos, pesar máis de 50 quilos e non padecer nin ter padecido enfermidades transmisibles polo sangue.

A Axencia ten visitado as instalacións de ZF Vigo desde o ano 1997, acadando un total de 1.194 doazóns de sangue ao longo destes anos.